



CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE MILLADOIRO, CONCELLO DE AMES

Na Casa do Concello de Ames a 2 de novembro de 2017,

R E Ú N E N S E:

Dunha parte don José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria accidental da Corporación, dona Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2017.

Doutra parte don Julio Barros Puente, con NIF 35259842-Z, actuando en representación da empresa Actividades de Construcción Edificación y Viales SL (ACEVI SL), con CIF B-94097268 e domicilio social na rúa Alameda 16-entreplanta no Concello de Pontevedra.

Constitúe o obxecto da presente reunión a formalización do contrato das obras ao comezo indicadas e ao obxecto establecen as seguintes

C L Á U S U L A S:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Actividades de Construcción Edificación y Viales SL (ACEVI SL), con CIF B-94097268 a realización das obras de **"ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro"** no prezo de corenta e oito mil cincuenta e catro euros e trinta e oito céntimos (**48.054,38.- €**), más o IVE correspondente ao 21% que ascende a contía de dez mil noventa e un euros e corenta e dous céntimos (**10.091,42.- €**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o procedemento de licitación e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **2 meses**, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **2.402,72-** Euros, mediante aval bancario de "SOGARPO, S.G.R." inscrito no rexistro oficial de avais co número de rexistro 010000021419.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asíano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-


CONCELLO DE AMES
Alcalde: José M. Miñones Conde
Firma: [Signature]

A SECRETARIA ACCIDENTAL



O CONTRATISTA


ACEVI
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN